

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



<b>EXPEDIENTE:</b> 9176/ 335	<b>TIPO EXPTE:</b> CONTRATO DE SERVICIOS
	<b>SOLICITANTE:</b> Servizo de Festas

**Asunto: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”**

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

### **ÍNDICE**

- 1.- OBXECTO
- 2.- LOTES
- 3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS
- 4.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
  - 4.1.- Procedemento de adxudicación
  - 4.2.- Forma de tramitación
  - 4.3.- Códigos CPV
- 5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN
  - 5.1.- Valor estimado do contrato
  - 5.2.- Orzamento base de licitación
  - 5.3.- Anualidades
  - 5.4.- Prezos unitarios
  - 5.5.- Prezo do contrato
- 6.- REVISIÓN DE PREZOS
- 7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCIEIRA
- 8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA
- 9.- SOLVENCIA
- 10.- HABILITACIÓN DAS EMPRESAS
- 11.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN
  - 11.1.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor
  - 11.2.- Criterios avaliados a través de fórmula
- 12.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS
- 13.- SUBCONTRATACIÓN
- 14.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO
- 15.- RESPONSABLE DO CONTRATO
- 16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO
- 17.- SEGURO
- 18.- LUGAR DE ENTREGA
- 19.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO
- 20.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
- 21.- CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO
22. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL OU INDUSTRIAL
- 23.- OBSERVACIÓNS
- 24.- CONFLITO DE INTERESES

## 1.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto regular as condicións técnicas da prestación do servizo de **xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”**

## 2.- LOTES

Prevese a división do obxecto contrato en lotes, toda vez que a natureza e o obxecto do contrato o permiten, de conformidade co artigo 99.3 da LCSP. En consecuencia cada lote constitúe unha unidade funcional independente. Desta maneira o obxecto do contrato divídese nos seguintes **LOTES (5)**:

**LOTE 1:** Producción técnica soporte de **actividades e espectáculos de pequeno formato** en diferentes localizacións.

O obxecto deste lote é a Producción técnica soporte de actividades e espectáculos de pequeno formato en diferentes localizacións do Concello de Vigo ao longo do ano. Darán soporte ás seguintes actividades e eventos que constan no programa de Vigo en Festas, aprobado con data do 17/02/2022 (expte. Nº 9172-335):

- Actividades e espectáculos de pequeno formato por barrios, parroquias, centro da cidade e praias durante todo o ano. Prevese a realización de diversas actividades e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade coa fin de achegar alternativas de ocio e lecer e dinamizar a vida social e económica dos barrios. Estes eventos poden ter formato de concertos musicais, contacontos, música tradicional, danza, teatro, maxia, recital, etc (2.1).
- Celebración de Festas e Certames relacionados cunha temática concreta como o a Festa das Escolas Municipais de Música e Arte, Cancións dos Nossos Barrios, Festival de Danza Urbana, etc. cunha duración de varios días dirixidos ao público xeral e que promoven valores culturais e contribúen á dinamización sociocultural e económica. (2.3)
- Actividades socioculturais de Outono. Estes ciclos de actividades teñen lugar nos meses de outubro e novembro, e consiste nunha programación de actividades de pequeno formato en distintos puntos da cidade, barrios e parroquias (2.9)

Considéranse eventos de pequeno formato aqueles con aforo inferior a 2.000 persoas.

**LOTE 2** Producción técnica soporte de **grandes espectáculos** en diferentes localizacións.

O obxecto deste lote é a produción técnica soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións ao longo de todo o ano. Darán soporte ás seguintes actividades e eventos que constan no programa de Vigo en Festas, aprobado con data do 17/02/2022 (expte. Nº 9172-335):

- Semana da música Clásica e Jazz que se pretende realizar durante cinco días consecutivos na Praza de Compostela, aínda que os horarios e lugar poderían verse modificados por cuestións de seguridade, oportunidade ou polo peche definitivo do programa. (2.7)
- Concertos e espectáculos nacionais e internacionais que non poidan ser celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos e teñan que desenvolverse noutras localizacións por cuestións de seguridade, oportunidade ou polo peche definitivo do programa (2.6)

O Considéranse grandes aqueles con aforo superior a 2.000 persoas.

**LOTE 3** Producción técnica soporte de **espectáculos no Auditorio de Castrelos**.

O obxecto deste lote é a Producción técnica soporte de grandes espectáculos no recinto do Auditorio ao aire libre de Castrelos durante os meses de xullo e agosto. Darán soporte ás seguintes actividades e



eventos que constan no programa de Vigo en Festas, aprobado con data do 17/02/2022 (expte. Nº 9172-335):

- Concertos e espectáculos nacionais e internacionais celebrados no Auditorio ao aire libre de Castrelos (2.6)

#### **LOTE 4, servizo de ambulancias**

O obxecto deste lote consiste no servizo de ambulancia durante a celebración de grandes espectáculos, entendendo por aqueles nos que se prevexa un aforo igual ou superior ou igual ás 2.000 persoas. Os espectáculos e actividades se desenvolverán en diferentes localizacións ao longo do ano e nos meses de xullo e agosto no Auditorio de Castrelos.

#### **LOTE 5, organización do sistema de entradas**

O servizo consiste nun sistema masivo de posta a disposición do público de entradas con reserva previa nos eventos con limitación de aforo. Se prevé para grandes espectáculos nos que o aforo sexa superior ou igual ás 2.000 persoas e os espectáculos que se desenvolvan no Auditorio de Castrelos.

O sistema disporá de servidores e bases de datos capaz de soportar a alta demandas simultáneas.

O servizo incluírá a creación virtual de cada evento e o soporte técnico durante a prestación do servizo.

#### Condições xerais para todos os lotes

Un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta a todos os LOTES.

Poden adxudicarse a cada licitador todos os LOTES.

Non procede aplicar criterios para os supostos en que un licitador resulte adxudicatario de máis dun lote e esté limitado o número dos que pode ser adxudicatario.

Non se admiten ofertas integradoras para varios lotes.

Non procede establecer combinacións de LOTES nin solvencia esixida para o caso de combinación de LOTES.

### **3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS**

En aplicación do artigo 116 da Lei 9/2017, xustifícase que O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para o cumprimento e realización da produción soporte dos espectáculos previstos no programa Vigo en Festas faise necesaria a realización deste contrato.

#### 4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

##### 4.1.- Procedemento de adxudicación.

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un **contrato administrativo de servizos**, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

O tipo de procedemento será **aberto** de acordo co establecido no artigo 156 da Lei 9/2017. O contrato que terá carácter administrativo, atópase no suposto recollido no artigo 22.1.c) polo está suxeito a unha regulación **armonizada**.

##### 4.2.-Forma de tramitación:

A forma de tramitación será a **ordinaria**.

##### 4.3.- Códigos CPV:

LOTE 1: CPV 79952000-2 (Servizos de eventos) e 79954000-6 (Servizos de organización de festas)

LOTE 2: CPV 79952000-2 (Servizos de eventos) e 79954000-6 (Servizos de organización de festas)

LOTE 3: CPV 79952000-2 (Servizos de eventos) e 79954000-6 (Servizos de organización de festas)

LOTE 4: CPV 85143000-3 Servizos de ambulancia

LOTE 5: CPV-79990000-0 Servizos comerciais diversos

#### 5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da Lei 9/2017.

Para o cálculo do valor estimado do contrato tense como referencia contratos tramitados polo Servizo de Festas en anos anteriores e por prestacións similares, así como prezos actualizados de mercado.

O cálculo dos custos dos recursos humanos relacionados na base 6 do PPTP están calculados en base a aplicación da normativa laboral vixente. Realizáronse táboas de cálculo elaboradas en función dos postos necesarios, da categoría profesional dos postos, o número de horas necesarias para facer os distintos traballos.

Esta normativa obriga a cumprir co establecido no vixente “Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia” de aplicación, atendendo a clasificación dos 5 grupos profesionais que recolle o convenio, coa súa formación correspondente e obrigatoria para cada grupo e de acordo coa táboa salarial actualizada aos efectos do 2022. Calcúlanse ademais os custos correspondentes á seguridade social en cada unha delas, aplicando unha porcentaxe do 6% de gastos xerais e 13% de beneficio industrial.

##### **5.1.- Valor estimado do contrato**

De conformidade co establecido no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato estipúlase en **1.450.361,51 €**, tendo en conta **UNHA posible prórroga**.



Método de cálculo:

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	Total
Importe do contrato	167483,93	118.598,19	361.986,64	49.266,00	27.846,00	725180,76
Importe máx. prórrogas	167483,93	118.598,19	361.986,64	49.266,00	27.846,00	725180,76
Valor estimado	334967,86	237196,38	723973,271	98532,00	55692,00	<b>1450361,51</b>

## 5.2.- Orzamento base de licitación

O orzamento base de licitación co IVE incluído e sen incluír a prórroga ascende a **867.122,86 euros**, correspondendo **141.942,10 euros** a este imposto.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 202.655,56 €
- Lote 2: 143.503,81 €
- Lote 3: 438.003,83 €
- Lote 4: 49.266 €
- Lote 5: 33.693,66 €

O IVE desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 35.171,63 €
- Lote 2: 24.905,62 €
- Lote 3: 76.017,19 €
- Lote 4: 0 €
- Lote 5: 5.847,66 €

## 5.3.- Anualidades

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 784693,67 € (90,49% para o ano 2022)
- 82429,19 € (9,51% para o ano 2023)

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

**LOTE 1**

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)
- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)

**LOTE 2**

- 100452,67 € (70% de 143503,81 €) para o ano 2022 (1 Tipoloxía I e 2 Tipoloxía II)
- 43051,143 € (30% de 143503,81 €) para o ano 2023 (2 Tipoloxía II)

**LOTE 3**

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022

**LOTE 4**

- 44339,40 € (90% de 49266,00) para o ano 2022 (25 eventos)
- 4926,60 € (10% de 49266,00) para o ano 2023 (2 eventos)

**LOTE 5**

- 33693,66 € (100% de 33693,66 €) para o ano 2022

A porcentaxe ven definida pola distribución de traballo derivada dos eventos programados no Programa anual de Festas de Vigo, que se concentran na súa meirande parte nos seis últimos meses do ano, agás os LOTES 3 e 5 cuxa execución se estima nos meses de xullo e agosto e polo tanto íntegramente no ano 2022.

**5.4.- Prezos unitarios**

Achégase o listado de prezos unitarios con IVE, gastos xerais e beneficio industrial, desglosados para cada Lote, así como as unidades estimadas de cada concepto por tipoloxía de evento:

**LOTE 1**

Referencia	Concepto	Precio unitario	Unidades x evento Tipoloxía I	Unidades x evento Tipoloxía II
6.1.1.1	Carpa a dúas augas	12,94 €/m2	0	600
6.1.1.2	Escenario	1.438,06 €/ud	1	1
6.1.1.3	Carpas plegables	115,04 €/ud	2	0
6.1.1.4	Cadeiras	0,72 €/ud	200	300



6.1.1.5	Acometidas e conectores de luz e son (+ certif.)	626,22 €/ud	1	1
6.1.1.6	Valado peonil	0,79 €/ud	10	10
6.1.1.7	Pasacables	4,31 €/ud	20	20
6.1.1.8	Iluminación de traballo	8,63 €/ud	2	2
6.1.1.9	Equipo de son	917,48 €/ud	1	1
6.1.1.10	Equipo de iluminación	629,87 €/ud	1	1
6.1.1.11	Extintores e sinalética de seguridade	4,31 €/ud	2	2
6.1.1.12	Botiquín	1,44 €/ud	1	1
6.1.1.13	Cabinas sanitarias (1PMR+1)	503,32 €/ud	1	2
6.1.1.14	Estrutura de truss para lona	102,19 €/ud	1	1
6.1.2.1	Coordinador/a montaxe e produción	345,13 €/xornada completa	1	1
6.1.2.2	Auxiliar montaxe, desmonte e organización	24,89 €/h	10	10
6.1.2.3	Controlador de accesos	25,89 €/h	0	10
6.1.2.4	Oficial electricista	29,60 €/h	8	8
6.1.2.5	Técnico/a de son	388,28 €/xornada completa	0,6	0,6
6.1.2.6	Técnico/a de iluminación	388,28 €/xornada completa	0,6	0,6
6.1.3.1	Subministro de auga para o persoal de traballo	0,22 €/ud	40	40
6.1.3.2	Material de hixiene para cabinas	43,14 €/ud	1	1

**LOTE 2**

Referencia	Concepto	Precio unitario	Unidades x evento Tipoloxía I	Unidades x evento Tipoloxía II
6.2.1.1	Escenario con cuberta	9.616,92 €/ud	1	0
6.2.1.2	Cerramentos	215,99 €/ud	1	1
6.2.1.3	Carpa tipo "xaima" 5x5	395,97 €/ud	2	2



6.2.1.4	Set de mobiliario para backstage	215,99 €/ud	1	1
6.2.1.5	Carpa extensible de 3x3	115,19 €/ud	2	2
6.2.1.6	Cabinas sanitarias móbiles non conectadas a rede	187,19 €/ud	4	4
6.2.1.7	Acometidas eléctricas	561,56 €/ud	1	2
6.2.1.8	Equipo de son e iluminación	1583,89 €/ud	1	1
6.2.1.9	Luz de traballo	43,20 €/ud	1	1
6.2.1.10	Tarimas	77,75 €/ud	4	4
6.2.1.11	Cadeiras	1,30 €/ud	500	2000
6.2.1.12	Extintores	4,32 €/ud	3	3
6.2.1.13	Sinalética	86,39 €/ud	1	1
6.2.1.14	Botiquín	14,40 €/ud	1	1
6.2.1.15	Torres de P.A. e muros laterais	3.455,76 €/ud	0	1
6.2.1.16	Camión Escenario	2.447,83 €/ud	0	1
6.2.1.17	Pantalla de publicidade	719,95 €/ud	1	1
6.2.1.18	Certificacións instalacións infraestruturas e eléctricas	863,94 €/ud	1	1
6.2.2.1	Coordinador de Producción	449,12 €/xornada completa	1	1
6.2.2.2	Responsable de backstage	32,08 €/h	9,20	9,20
6.2.2.3	Oficial electricista	29,65 €/h	8	8
6.2.2.4	Vixiante nocturno uniformado	28,50 €/h	8	8
6.2.2.5	Mantemento e limpeza	16,79 €/h	8	8
6.2.2.6	Auxiliares Organización - Backstage	24,00 €/h	10	10
6.2.2.7	Auxiliares de organización / Montaxe	24,00 €/h	30	30
6.2.2.8	Auxiliar de Catering	24,00 €/h	11	11
6.2.2.9	Plantón diurno	24,42 €/h	16	16
6.2.2.10	Persoal de carga e descarga e montaxe de infraestruturas	24,92 €/h	48	48
6.2.2.11	Técnico de sonido operador FOH	388,77 €/xornada completa	1	1
6.2.2.12	Técnico Iluminación operador/montador FOH	388,77 €/xornada completa	1	1
6.2.2.13	Técnicos auxiliares Equipos sonido e iluminación	316,78 €/xornada completa	2	2
6.2.3.1	Subministro Catering Artistas, técnicos, persoal de produción e protección civil	503,97 €/ud	1	1
6.2.3.2	Servizo de limpeza de instalacións	43,20 €/ud	1	1





**LOTE 3**

Referencia	Concepto	Precio unitario	Unidades Montaxe xeral	Unidades x evento Tipoloxía I	Unidades x evento Tipoloxía II	Unidades x evento Tipoloxía III	Unidades x evento Tipoloxía IV
6.3.1.1	Acondicionamento do escenario / WI-FI/Consumibles	2.162,45 €/ud	1,00				
6.3.1.2	Infraestruturas	15.138,60 €/ud	1,00				
6.3.1.3	Valos	5.915,59 €/ud	1,00				
6.3.1.4	Extintores	28,84 €/ud	19				
6.3.1.5	Cabinas sanitarias móbiles (UNE-EN 16194)	28,84 €/ud	354				
6.3.1.6	Casetas, consigna e sala de prensa	937,15 €/ud	2,00				
6.3.1.7	Pantallas de LEDS	36.738,63 €/ud	1,00				
6.3.1.8	Mobiliario	3.171,90 €/ud	1,00				
6.3.1.9	Outra maquinaria e equipamentos	129,76 €/ud	10	1	1	1	1
6.3.1.10	Liñas de Vida	145,62 €/ud	10,00				
6.3.1.11	Cadeiras de plástico ou madeira, colocadas	1,87 €/ud			2.500	2.500	1.500
6.3.1.12	Sistema de emerxencia	2.451,01 €/ud	1				
6.3.1.13	Acometidas eléctricas	9.804,05 €/ud	1,00				
6.3.1.14	Certificación de cargas de la cubierta	648,80 €/ud		1	1	1	1
6.3.1.15	Linóleo	5,77 €/m <sup>2</sup>				121	
6.3.1.16	Servizo de comunicación interna	8,65 €/ud		16	16	16	16
6.3.1.17	Concha Acústica	865,06 €/ud				1	
6.3.1.18	Mobiliario Escenario	576,71 €/ud				1	
6.3.1.19	Moqueta	5,05					400

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



	€/m <sup>2</sup>				
6.3.1.20 Delay	504,62		1	1	
	€/ud				
6.3.2.1.1 Coordinador de Producción	689,74		1,00	1,00	1,00
	€/xornada completa				0,50
6.3.2.1.2 Responsable de backstage	587,18		1,00	1,00	1,00
	€/xornada completa				
6.3.2.1.3 Coordinador de vixiantes e auxiliares de organización e porteiros	382,07		1,00	1,00	1,00
	€/xornada completa				0,40
6.3.2.2.1 Coordinador de Producción	689,74	2,00			
	€/xornada completa				
6.3.2.2.2 Persoal oficial montaxe altura	31,52 €/h	84,00			
6.3.2.2.3 Persoal auxiliar montaxe en altura	27,44 €/h	111,00			
6.3.2.2.4 Persoal Auxiliar de montaxe	23,08 €/h	343,00			
6.3.2.2.5 DUE + Botiquín	68,20 €/h	16,00			
6.3.2.2.6 Plantón diurno	22,61 €/h	464,00			
6.3.2.2.7 Vixiante nocturno uniformado	26,37€/h	232,00			
6.3.2.2.8 Oficial Electricista	27,44 €/h	16,00			
6.3.2.2.9 Persoal de limpeza	16,81 €/h	72,00			
6.3.2.2.10 Riggers / persoal utilización PEMP	393,99	3,00			
	€/xornada completa				
6.3.2.3.1 Responsable de persoal	382,07		1,00	1,00	1,00
	€/xornada completa				0,40
6.3.2.3.2 Persoal Auxiliar de montaxe	23,08 €/h		144,00	96,00	64,00
					48,00
6.3.2.3.3 Oficial Electricista	27,44 €/h		14,00	14,00	14,00
					7,00
6.3.2.3.4 Conductor de Carreta elevadora	24,91 €/h		9,00	8,00	8,00
					7,00
6.3.2.3.5 Riggers / persoal utilización PEMP	393,99		3,00	3,00	2,00
					1,00



	€/xornada completa				
6.3.2.3.6 Plantón diurno	22,61 €/h	16,00	16,00	16,00	16,00
6.3.2.3.7 Vixiante nocturno uniformado	26,37 €/h	10,00	8,00	8,00	8,00
6.3.2.3.8 Persoal de limpeza	16,81 €/h	69,00	69,00	69,00	65,00
6.3.2.3.9 Auxiliares Organización	22,22 €/h	134,00	92,50	92,50	60,00
6.3.2.3.10 Porteiros vixiantes uniformados	26,37 €/h	25,00	18,00		
6.3.2.3.11 Persoal Consigna	22,22 €/h	5,00	4,50	4,50	4,50
6.3.2.3.12 Persoal de mantemento	27,44 €/h	64,00	64,00	64,00	
6.3.2.3.13 Realizador	403,70 €/xornada completa	1,00	1,00	1,00	1,00
6.3.2.3.14 Operadores de cámara	301,33 €/xornada completa	3,00	3,00	3,00	3,00
6.3.2.3.15 Auxiliar de Video	301,33 €/xornada completa	1,00	1,00	1,00	1,00
6.3.2.3.16 DUE + Botiquín	68,20 €/h	9,00	8,00	8,00	5,00
6.1.3.1 Catering técnicos e Protección Civil	216,27 €/ud	1	1	1	1

Os lotes se configuran por necesidades e por tipoloxías, poderán existir variacións nos requerimentos de recursos materiais e humanos para algún evento derivado das esixencias dos riders técnicos. Neste caso se tomarán como referencia os prezos unitarios ofertados en cada lote sen superar en ningún caso o prezo máximo ofertado.

#### LOTE 4

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.4.1.1	Ambulancia Tipo C, SVA	1.428,00
6.4.1.2	Ambulancia Tipo B, SVB	1.071,00



## LOTE 5

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.5.1.1	Distribución de entradas (<= 5000)	1.100,00
6.5.1.2	Distribución de entradas (> 5000)	1.400,00

### 5.5.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación de cada LOTE do contrato e incluírá, como partida independente o iva.

As ofertas dos licitadores deberán ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluídas da licitación.

### 6.- REVISIÓN DE PREZOS

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

### 7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O gasto correspondente a este contrato podería imputarse á bolsa de vinculación da aplicación **3380.226.0906 "FESTAS DE VIGO"** do programa orzamentario de Festas.

O contrato está previsto do Plan Anual de Contratación coa denominación: "Servizo de produción para a execución dos eventos programados polo servizo de Festas no ano 2022-2023"

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Non existe na actualidade contrato vixente.

### 8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

#### Prazo de execución

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo.

Fíxase un prazo de execución de **UN ANO** a contar desde a data de formalización do contrato.

O devandito prazo poderá ser obxecto de **UNHA PRÓRROGA** de un **(1) ano** de duración.

Tendo en conta o servizo a realizar polos adxudicatarios, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz, e dado que nos próximos anos existirá



unha continuidade nas necesidades, motivo polo que se considera adecuada a duración do prazo de execución así como a posibilidade de prórroga.

## 9.- SOLVENCIA

### Solvencia económica e financeira

Acreditarase do seguinte xeito:

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

### Solvencia técnica e profesional

Os licitantes deberá acreditarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, experiencia e fiabilidade polo seguinte medio:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior o 70% do prezo do contrato.

### Medios a adscribir ao contrato

#### LOTE 1:

- 1 Coordinador de montaxe e produción (Grupo II) cunha experiencia mínima de 6 meses

#### LOTE 2:

- 1 Coordinador/a de produción (Grupo I do CCESPC) cunha experiencia mínima de 2 anos
- 1 Responsable de “backstage” (stage manager) - xefe de intervención (Grupo II do CCESPC) cunha experiencia mínima de 2 anos

#### LOTE 3:

- 1 Coordinador/a de produción (Grupo I do CCESPC) cunha experiencia mínima de 2 anos
- 1 Responsable de “backstage” (stage manager) - xefe de intervención (Grupo II do CCESPC) cunha experiencia mínima de 2 anos
- 1 Coordinador/a de vixiantes e auxiliares de organización e porteiros (Grupo II do CCESPC) cunha experiencia mínima de 6 meses

Estes postos, ademais da súa importancia na implantación do PAU, son fundamentais no desenvolvemento das producións, requiren dunha formación axeitada e dunha experiencia mínima que garanta a calidade na execución das prestacións obxecto do contrato. A complexidade dalgunhas produción técnicas e o curto espazo de tempo dispoñible para realizar as montaxes e os desmontes, así como a resolución de imprevistos, requiren de persoal experimentado que sexa capaz de tomar decisións de forma rápida e segura. Destes tres postos depende a coordinación e funcionamento de todo o persoal auxiliar e dos operarios implicados nas producións.

## 10.- HABILITACIÓN DAS EMPRESAS

As empresa adxudicatarias dos **LOTE 1, 2 e 3** deberán estar rexistradas no REA (Rexistro de Empresa Acreditadas no sector da construción), conforme aos criterios establecidos polo Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no traballo INSST no Informe do grupo de traballo “Montaxe de espectáculos Públicos”:

([https://invassat.gva.es/es/visor-biblioteca/-/asset\\_publisher/LvSYKI0K6pLa/content/grupo-de-trabajo-montaje-de-espectaculos-publicos-2020-informe-del-grupo-de-trabajo-montaje-de-espectaculos-publicos-acuerdo-de-las-comunidades-autono](https://invassat.gva.es/es/visor-biblioteca/-/asset_publisher/LvSYKI0K6pLa/content/grupo-de-trabajo-montaje-de-espectaculos-publicos-2020-informe-del-grupo-de-trabajo-montaje-de-espectaculos-publicos-acuerdo-de-las-comunidades-autono)) e o ISSGA.

## 11.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo. 145.1 da Lei 9/2017, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade/prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

Nos contratos de servizos do Anexo IV os criterios relacionados coa calidade terán que representar polo menos o 51% da puntuación fixada na valoración de oferta. O artigo 145.4 da Lei 9/2017 establece que os criterios de adxudicación terán que permitir obter servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás necesidades do órgano de contratación.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

### 11.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

#### LOTES 2 e 3

Indícanse a continuación os criterios de adxudicación para os **LOTES 2 e 3** avaliados mediante xuízo de valor. As empresas licitadoras aos Lotes 2 e 3 deben achegar un Plan de Producción Xeral que pola súa importancia debe valorarse nos criterios de adxudicación do contrato. O Plan de produción xeral permite valorar a capacidade organizativa, medios técnicos, materiais e humanos dos que dispón a empresa para acometer e realizar o servizo, indicando o nivel de calidade na execución na das diferentes prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

#### A) **Plan de Producción:** valorase con ata **30 puntos**.

Se contemplan os seguintes subcriterios de valoración:

##### A.1) **Plan de produción xeral:** Valorase con ata **15 puntos**. Detallaranse:

- Proxecto de instalación de montaxe e desmonte no que se indicarán as operacións de montaxe e desmonte de medios técnicos, materiais,



equipamentos, maquinaria e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dos servizos obxecto do contrato en relación co espazo e a programación de espectáculos.

- Relación de materiais achegados pola empresa, especificando marcas, modelos e características técnicas.
- As certificacións de homologación de todos os materiais e maquinaria utilizados.
- Plano de cada estrutura acoutado en planta, alzado, perfil e seccións que sexan necesarias para unha correcta interpretación da mesma.
- Capacidade da empresa para responder a un imprevisto.
- O catálogo de mobles para camerinos, consigna e oficinas.

**A.2) Plan de produción específico de cada unha das tipoloxías de concertos/espectáculos previstas:** valorarase con ata **6 puntos**

**A.3) Plan de medios humanos para a xestión de traballos técnicos e auxiliares necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos/concertos:** valorarase con ata **6 puntos**. Detallaranse:

- Reparto de funcións por categorías laborais. Organigrama que inclúa todo o persoal técnico e auxiliar necesario, especializado e con experiencia que realice as funcións detalladas nos apartados do punto 6 do PPT para cada unha das tipoloxías de espectáculos/concertos.
- Deberá especificar a definición dos grupos profesionais e a formación específica de cada un deles, así como a formación complementaria.

**A.4) Plan de calidade, seguimento e control:** valorarase con ata **3 puntos**

Incluirá os mecanismos achegados pola empresa en material de control de calidade das infraestruturas e da prestación dos servizos.

As empresas licitadoras que non acaden un mínimo de **15 puntos** neste criterio quedarán excluídas da licitación toda vez que se consideran que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.

## **11.2.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:**

Indícanse a continuación os criterios de adxudicación avaliábeis a través de fórmula de cada un dos **5 LOTES** nos que se divide o obxecto do contrato:

**A) LOTE 1:** valorarase con ata **100 puntos**

**A.1.- Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 5.4 desta Memoria para este lote:** valorarase con ata **49 puntos**

Para valorar este criterio darase a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente. A porcentaxe de desconto será o resultado da diferenza en tanto por cento entre a suma de todos os prezos unitarios ofertados polo licitador, polo número de unidades de cada tipoloxía e polo número máximo de eventos de cada unha e o orzamento base de licitación deste lote recollido no apartado 5.2 desta Memoria:



$$P = \frac{49 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

O licitador deberá achegar oferta económica desglosada onde consten os prezos unitarios axustados aos conceptos que se indican no apartado 5.4 desta memoria.

**A.2.- Maior experiencia do/a coordinador/a de montaxe e produción do eventos en traballos de produción de espectáculos ou eventos similares, esixido na cláusula 6.1.2.1 do PPTP: valorarase con ata 26 puntos**

A puntuación distribuirase consonte a seguinte escala:

- De máis de 5 anos de experiencia: 26 puntos
- De máis de 2 e ata 5 anos de experiencia: 12 puntos
- De máis de 6 meses e ata 2 anos de experiencia: 6 puntos
- De 6 meses ou menos: 0 puntos

Este criterio deberá acreditarse mediante contratos laborais e vida laboral. Se o licitador non presenta a documentación esixida outorgaráselle 0 puntos.

Este posto, ademais da súa importancia na implantación do PAU, é fundamental no desenvolvemento das producións, requiren dunha formación axeitada e dunha experiencia que garanta a calidade na execución das prestacións obxecto do contrato. A complexidade dalgunhas produción técnicas e o curto espazo de tempo dispoñible para realizar as montaxes e os desmontes, así como a resolución de imprevistos, requiren de persoal experimentado que sexa capaz de tomar decisións de forma rápida e segura.

**A.3.- Incremento do número mínimo de traballadores/as do Grupo V do <sup>1</sup>CCESPC (2) esixido na cláusula 6.1.2.2 do PPTP para a realización de tarefas de montaxe, desmonte e organización no evento: valorarase con ata 15 puntos**

Para valorar este criterio outorgarase **7,5 puntos por cada traballador/a** a maiores ofertado.

**A.4.- Incremento do número mínimo de traballadores/as do Grupo V do CCESPC (2) esixido na cláusula 6.1.2.3 do PPTP para a realización de tarefas de control de accesos e acompañamento de público no evento: valorarase con ata 10 puntos**

Para valorar este criterio outorgarase **5 puntos por cada traballador/a** a maiores ofertado.

Dende o punto de vista técnico estes dous criterios proporcionan unha mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración, ao supoñer unha maior eficiencia nas tarefas de montaxe, desmonte e control de público

**B) LOTES 2 e 3: valorarase con ata 70 puntos**

**B.1.- Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 5.4 desta Memoria para estes dous lotes: valorarase con ata 45 puntos**

<sup>1</sup> As siglas se CCESPC se corresponden co Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia (D.O.G nº 131 de 3 de xullo de 2020)





Para valorar este criterio darase a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente. A porcentaxe de desconto será o resultado da diferenza en tanto por cento entre a suma de todos os prezos unitarios ofertados polo licitador, polo número de unidades de cada tipoloxía e polo número máximo de eventos de cada unha e o orzamento base de licitación deste lote recollido no apartado 5.2 desta Memoria:

$$P = \frac{45 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

O licitador deberá achegar oferta económica desglosada onde consten os prezos unitarios axustados aos conceptos que se indican no apartado 5.4 desta memoria.

**B.2.- Maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico: valorarase con ata 25 puntos.**

**B.2.1.- Coordinador/a de Produción (Grupo I do CCESPC esixido nas cláusulas 6.2.2.1 (LOTE 2) e 6.3.2.1.1 (LOTE 3) do PPTP: valorarase con ata 15 puntos.** A puntuación distribuirase consonte a seguinte escala:

- De máis de 7 anos de experiencia: **15 puntos**
- De máis de 4 e ata 7 anos de experiencia: **10 puntos**
- De máis de 2 ata 4 anos de experiencia: **5 puntos**
- De 2 anos ou menos de experiencia: **0 puntos**

**B.2.2.- Responsable de backstage (state manager) do Grupo II do CCESPC, esixido na cláusula 6.2.2.1 (LOTE 2) e 6.3.2.1.2 (LOTE 3) do PPTP: valorarase con ata 10 puntos.** A puntuación distribuirase consonte a seguinte escala:

- De máis de 7 anos de experiencia: **10 puntos**
- De máis de 4 e ata 7 anos de experiencia: **7 puntos**
- De máis de 2 ata 4 anos de experiencia: **3 puntos**
- De 2 anos ou menos de experiencia: **0 puntos**

Este criterio deberá acreditarse mediante contratos laborais e vida laboral. Se o licitador non presenta a documentación esixida outorgaráselle 0 puntos.

Estes dous postos, ademais da súa importancia na implantación do PAU, son fundamentais no desenvolvemento das producións, requiren dunha formación axeitada e dunha experiencia mínima que garanta a calidade na execución das prestacións obxecto do contrato. A complexidade dalgunhas producións técnicas e o curto espazo de tempo dispoñible para realizar as montaxes e os desmontes, así como a resolución de imprevistos, requiren de persoal experimentado que sexa capaz de tomar decisións de forma rápida e segura. Destes dous postos depende a coordinación e funcionamento de todo o persoal auxiliar e dos operarios implicados nas producións.

**C) LOTE 4: valorarase con ata 100 puntos**

**C.1.- Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 5.4 desta Memoria para este lote:** valorarase con ata **45 puntos**

Para valorar este criterio darase a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente. A porcentaxe de desconto será o resultado da diferenza en tanto por cento entre a suma de todos os prezos unitarios ofertados polo licitador polo número máximo de eventos e o orzamento base de licitación deste lote recollido no apartado 5.2 desta Memoria:

$$P = \frac{45 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$

O licitador deberá achegar oferta económica desglosada onde consten os prezos unitarios axustados aos conceptos que se indican no apartado 5.4 desta memoria.

**C.2.- Mellora no equipamento humano co que conta a ambulancia esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores,** tipo C, SVA (soporte vital avanzado): valorarase con **35 puntos**

Outorgarase 35 puntos pola achega dun (1) médico/a en posesión do título universitario de Licenciado en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante a celebración dos espectáculos.

A importancia deste criterio ven da mellora na calidade do servizo ao poder resolver en menor tempo unha incidencia que precise dunha asistencia médica.

A valoración desta mellora estímase en 3.240,00 euros para o total do lote, calculado do seguinte xeito:

$$60\text{€/h} \times 2\text{h/evento} \times 27 \text{ eventos} = 3.240\text{€}$$

**C.3.- Mellora do tipo da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, con respecto ao esixido na cláusula 6.4 do PPT:** valorarase con ata **20 puntos**.

Outorgarase 20 puntos pola substitución da ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico) por 1 ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado)

**D) LOTE 5:** valorarase con ata **100 puntos**

**D.1.- Redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 5.4 desta Memoria para este lote:** valorarase con ata **45 puntos**

Para valorar este criterio darase a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente. A porcentaxe de desconto será o resultado da diferenza en tanto por cento entre a suma de todos os prezos unitarios ofertados polo licitador polo número máximo de eventos e o orzamento base de licitación deste lote recollido no apartado 5.2 desta Memoria:

$$P = \frac{45 \times \text{menor porcentaxe de baixa}}{\text{porcentaxe de baixa ofertado}}$$



O licitador deberá achegar oferta económica desglosada onde consten os prezos unitarios axustados aos conceptos que se indican no apartado 5.4 desta memoria.

**D.2.- Incremento do número mínimo de controladores de entrada establecido no apartado 6.5.3 do PPTP: valorarase con ata 30 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse **15 puntos** por cada controlador a maiores ofertado .

**D.3.- Incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.5.3 do PPTP: valorarase con ata 10 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse **5 puntos** por cada lector PDA a maiores ofertado .

**D.4.- Web de venta personalizada: valorarse con 15 puntos**

Valorarase con 15 puntos a achega dunha web de venda de entradas personalizada onde quedará reflectido o “branding” e deseño da páxina web (axenda) do Concello de Vigo en exclusiva, que deberá ser validado polo Servizo de Festas e que non contará con ningunha outra marca distinta á do Concello, salvo consentimento expreso.

### Xustificación dos criterios de valoración

Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración.

### 12.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

Aplicarase no previsto no artigo 149.4 da Lei 9/2017. Dado que a adxudicación deberá facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

**Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:**

- a) Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.



- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

### **13.- SUBCONTRATACIÓN**

Non se fixan tarefas críticas.

### **14.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO**

Non se prevén modificacións.

### **15.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será a Xefa do Servizo, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

### **16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase tras a presentación das correspondentes facturas que serán conformadas pola responsable do contrato.

- Lotes 1 e 2: aboarase o prezo das actividades e espectáculos efectivamente realizados consonte aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario, á súa finalización e unha vez rematados os traballos de desmonte das infraestruturas.

- Lote 3: aboarase á finalización da montaxe e desmonte de infraestruturas segundo os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario. Este pagamento detallarase da seguinte forma:

- un primeiro pagamento, correspondente ao 50% deste importe, tras a presentación da correspondente factura unha vez estean realizados os traballos de montaxe e presentados os certificados preceptivos que se indican na cláusula 9.2 do PPT
- un segundo pagamento, correspondente ao 25% restante deste importe, tras a presentación da correspondente factura unha vez estean finalizados todos os espectáculos programados
- un terceiro pagamento, correspondente ao 25% restante, tras a presentación da correspondente factura unha vez estean realizados os traballos de desmonte e almacenamento.

- Lotes 4 e 5: a partir do día seguinte á finalización de cada actividade ou espectáculo abonaranse as prestacións efectivamente realizadas de conformidade cos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS



- b) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO  
c) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURA

## 17.- SEGURO

Os adxudicatarios deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de:

- LOTE 1: 1.600.000 de euros de capital asegurado e cun sublímite por vítima de 600.000 euros. (aforo máx. 2.500 persoas, conforme a disposición transitoria 3ª da LEPAR)
- LOTE 2: 2.600.000 de euros de capital asegurado e cun sublímite por vítima de 600.000 euros (aforo 15.000 persoas, conforme a disposición transitoria 3ª da LEPAR)
- LOTE 3: 2.900.000 de euros de capital asegurado e cun sublímite por vítima de 600.000 euros. (aforo 20.000 persoas, conforme a disposición transitoria 3ª da LEPAR)
- LOTE 4: 600.000 euros de capital asegurado.
- LOTE 5: 600.000 euros de capital asegurado.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do ultimo recibo que xustifique que esta ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

## 18.- LUGAR DE ENTREGA

O servizo do Lotes 1, 2, 4 e 5 ter lugar nos recintos de celebración dos eventos. As localizacións dependerán do peche definitivo do programa de festas e será comunicado aos adxudicatarios cunha antelación mínima de 15 días.

O servizo do Lote 3 terá lugar nas instalacións do Auditorio ao aire libre de Castrelos, situado no parque municipal do mesmo nome.

## 19.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A data prevista do inicio do contrato para os lotes 1, 2, 4 e 5 é dende a adxudicación do mesmo.

A data prevista do inicio do contrato para o Lote 3 é o 1 de xullo.

## 20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Conforme ao establecido no art. 202 la LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución:

a) De tipo ambiental: o mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

As medidas a adoptar deberán ser comunicadas polo adxudicatario no prazo dun mes dende a formalización do contrato á responsable do contrato.

## 21.- CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



A execución do LOTE 5 deste contrato require o tratamento polo contratista de datos persoais coa única finalidade da realización dos traballos de xestión dos eventos que contén con rexistro de público asistente ou participante. Estes non poderán ser utilizados para ningún outro fin.

**SERVIZO  
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE  
PARTICIPACIÓN CIDADÁ E  
FESTAS**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **22. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL**

Non se exige a transferencia dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial, agás mellor criterio técnico especializado na materia.

## **23.- OBSERVACIÓNS**

ao estar en tramitación o contrato do servizo de apoio e asesoramento sobre programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (expediente 9.191-335), dado que entre as tarefas que se asignan atópase a elaboración da documentación contractual, asesoramento na tramitación dos expedientes de contratación e seguimento dos eventos, as empresas que resulten adjudicatarias dalgún dos lotes do contrato do expediente nº 9.191-335 non poderán participar nesta licitación

## **24.- CONFLITO DE INTERESES**

O técnico que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, o concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación

Vigo, na data da sinatura dixital

A Xefa do Servizo de Festas,  
M. Cristina Chao Polo

Conforme:

O Concelleiro Delegado da área de Participación e Festas  
Pablo L. Estévez Rodríguez